



MISA CON NENOS

15 de marzo 2020

CORESMA 3º-A

Evanxeo: Xoán 4, 5-42:
“Señor dame desa auga, así no terei máis sede”.

Mensaxe: Coresma é camiñar sedentos buscando a AUGA VIVA



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás, queridos nenos e nenas.

Continuamos co tempo de Coresma preparando o noso corazón para celebrar a paixón, morte e Resurrección de Xesús e renovar así o noso bautismo. Nas dúas semanas anteriores rexeitamos as tentacións e dedicamos máis tempo á oración e á escoita da Palabra. Hoxe o evanxeo fálanos da samaritana que acudía ao pozo en busca de auga, pero o que máis ansiaba era ser feliz. Xesús ensínaa a descubrir a fonte de Auga Viva que calma toda sede. Descubramos que Coresma é camiñar sedentos buscando a auga viva e digámoslle a Xesús: Señor, dame de beber!

(Poderíase poñer un recipiente con AUGA a ser posible preto da pila bautismal e unha frase: ES A AUGA VIVA. Nun momento da celebración pódese convidar a que algúns nenos e adultos se acheguen ao recipiente e tomando auga nos dedos, fagan o sinal da cruz mentres se recita o Credo ou se canta algo bautismal: “A auga do Señor”). (Isto se non hai risco de coronavirus).

-No nome do Pai... Xesucristo é a fonte de auga que mana ata a vida eterna. Que a súa graza e a súa paz sexan con todos vós.

2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN

Conscientes das nosas limitacións e pecados, achegámonos a Deus e pedímoslle a auga que sa, cura e perdoa para sempre.

-Porque no bautismo lavaches os nosos pecados e déchesnos a vida nova da graza. **Señor, ten piedade de nós .**

-Porque buscamos beber nos pozos do egoísmo e da comodidade. **Cristo, ten piedade de nós .**

-Porque non nos cremos que ti, es a auga viva que sacia nosa sede de sentido e de esperanza. **Señor, ten piedade de nós.**

Deus, noso Pai, teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e lévenos á vida eterna.

3. PALABRA DE DEUS

As lecturas deste terceiro domingo de coresma convidánnos a poñer a Deus no centro da nosa vida. No libro do **Éxodo**, Moisés pide a Deus auga para beber e el dállea. No **evanxeo**, Xesús preséntase como a fonte de auga viva, que apaga toda sede e convidáanos a ter sede de Deus. S. **Paulo** lémbraos de onde nos vén a salvación e o perdón que recibimos.



4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

Cheos de fe, oremos confiadamente ao Señor, dicindo:

-Dáanos da túa auga, Señor.

1. Para que a Igrexa sexa a fonte onde podemos beber os sacramentos e a Palabra de Deus que nos leva ata El. *Oremos.*

2. Para que, como a Samaritana, escoitemos ao Señor e deixémonos levar polo. *Oremos.*

3. Para que abramos os nosos cántaros dos nosos corazóns e así Deus poida enchelos da súa auga viva que é a súa presenza, a súa Palabra e o seu Espírito. *Oremos.*

4. Para que en todos os nenos e novos, espértese a sede de profundar na fe, como a samaritana. *Oremos.*

5. Para que levemos a alegría da nosa fe, que é a auga que recibimos polo noso Bautismo, aos nosos familiares e veciños. *Oremos.*



6. Para que os que acudimos á eucaristía renovemos o noso bautismo vivindo cheos de graza, como criaturas novas. *Oremos.*

7. Para que nós sexamos canles de graza que regalan a Deus. *Oremos.*

Escoita as nosas peticións, Señor, e dános a forza para levalas á práctica. Pedímoscho por Xesucristo, noso Señor. Amén.

5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

-DETECTOR DE AUGA (Vara en forma de Y): Con este “detector” de auga, ofrecemos ao Señor o noso desexo de seguir buscándoo no medio do deserto da nosa vida. Que non deixe de levarnos cara ao pozo onde mana a auga da vida eterna.

-VASO DE AUGA BALEIRO: Señor, presentámosche este vaso de auga baleiro, con el queremos ofrecer a nosa sede profunda de entrega, de autenticidade, de amor, a nosa sede de Deus.

-XERRA CON AUGA: Con esta xerra de auga queremos dar as grazas a todas as persoas que nos levan ao encontro contigo, Xesús, a auga Viva: sacerdotes, catequistas, avós, amigos.

-PAN E O VIÑO: Ao ofrecerche este pan e viño que se converterán en fonte de vida, expresamos o noso desexo de que sigas facendo presente nas nosas vidas para sempre. E dámosche grazas polos pozos da Igrexa nos que nos atopamos contigo: a oración, a eucaristía, a Palabra e a Igrexa.

6. ALGUNHAS SUXESTIÓNS:

-Este texto da samaritana e o dos domingos seguintes (cego de nacemento e resurrección de Lázaro, máis que narracións de algo que pasou son auténticas leccións teolóxicas e catequéticas que nos manifestan quen é Xesús. Son tres fermosas catequese de Xoán que seguían os catecúmenos que se preparaban para recibir o bautismo a noite de pascua.

-Para entender o evanxeo de hoxe debemos saber que Xesús era xudeu e ela samaritana, non levaban ben os habitantes de ambas as rexións, uns críanse máis fieis na vivencia da relixión que os outros. Xesús rompe o tabú da mala relación entre xudeus e samaritanos, co feito de que un home falase cunha muller e que o culto a Deus debe ser en espírito e en verdade (de corazón). Xesús ofrécelle outra clase de auga, auga viva que dea felicidade, pois ela non atopara felicidade en tantos maridos. Así se nos manifesta como o auténtico Mesías e fonte de auga viva.

-Nas escaleiras do altar poderíase poñer unha garrafa grande ou unha xerra e un vaso de auga.

-Pódese representar facilmente o evanxeo: un pozo (a pila bautismal?), Xesús e a Samaritana cun cubo. E establecemos o diálogo entre ambos.

-Poderíase debuxar nunha cartolina unha pinga de auga pequena, escribimos nela unha frase do evanxeo que máis nos guste e regalámoslla a aquela persoa ou persoas que necesitan Auga Viva de Xesús.

-En Coresma preparámonos para renovar o bautismo na vixilia pascual. Lembrade que ao bautizarnos bendicimos a auga da pila bautismal e derramámola na cabeza. Achegádevos á pila e dicide: “*Xesús, es a auga viva: lávame, purifícame, dáme de beber. Grazas pola fonte de auga viva na que fun bautizado*”.

-Neste sentido, ao entrar no templo, achégate á pila de auga bendita, toca a auga e dille: “*Xesús grazas polo meu bautismo, lava o meu pecado, transfórmame, renóvame por dentro, dáme máis fe, éncheme da túa vida de graza. E axúdame a ser testemuña para que outros crean en ti*”.

-Preparemos o día do pai regalándolles algún debuxo cun texto de agradecemento, ou unha oración polos pais.

7. VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO: Coresma-3ªA- Xoán 4,5-42: A samaritana.

-A muller samaritana, película: <https://www.youtube.com/watch?v=BSVbz54J3Y>

-A Muller no pozo, muller samaritana, película: <https://www.youtube.com/watch?v=xSP3BA0MSv8>

-A samaritana, película e reflexión: <http://www.youtube.com/watch?v=Ltsh9EaDw1k>

-A samaritana, película: <https://www.youtube.com/watch?v=ltEESmYsmi0>

-A samaritana, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=DHmS3vXlGH8>

-Auga viva, Verbo Divino 17, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=UUm5PlhXQ0>

-A auga cámbiao todo, Verbo Divino 14, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=ePAf64p5luM>

-Ti es a auga viva, canto da Irmá Glenda: <https://www.youtube.com/watch?v=DMHILbVIEQU#t=60>

-Se coñeces o don de Deus, canto Irmá Glenda: <https://www.youtube.com/watch?v=7S7dUkfo3XQ>

-A samaritana, representación: <https://www.youtube.com/watch?v=v68TeLBTay0>

-A historia da "Muller Samaritana": https://www.youtube.com/watch?v=hUDWnT_I9IU

-Sumérxeme, Xesús Adrián Romero, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=taENjQXJbI8>

-Himno a S. Xosé: <https://www.youtube.com/watch?v=qWxGT7TUZ5g>



8. S. XOSÉ, PATRÓN DOS PAIS E DAS VOCACIÓNS SACERDOTAIS



REZAMOS POLAS VOCACIÓNS

Señor Xesús, con amor poñemos nas túas mans os nosos seminarios, os formadores e profesores, e moi especialmente a todos os seminaristas do mundo, que se están preparando para ser «pastores misioneiros». Fai que sexan pastores que vaian onde Ti os envíes, que a Igrexa e o mundo sexan os espazos abertos da súa misión. Que te sirvan con obediencia e pobreza, desatendan as voces dos poderes do mundo, e, cheos de caridade, sívante nos pobres e necesitados. Que a súa vida célibe non sexa mediocre ou inmadura, senón que todo o entreguen a ti e todo o arrisquen, con esperanza e lelicia. Señor, que sempre conten contigo, como Ti contas con cada un deles, con cada sacerdote. Grazas, Señor, polos seminaristas e os sacerdotes. Gárdaos no teu amor e na túa fidelidade. Amén.